

Servizo de
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓNCONCELLO
DE VIGO

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 25 DE OUTUBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:00 horas do día 25 de outubro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 23 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe (asiste aos puntos 8 e 9)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)

Dáse conta do escrito presentado por PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. o 24 de outubro de 2018 en relación coa puntuación outorgada no informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 19 de outubro de 2018, reducida á metade polo incumprimento dos requisitos de presentación da documentación ao non terse presentado un único arquivo dixital. O referido licitador conclúe no seu escrito «*que a empresa PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L. presentou de forma correcta o documento "Memoria constructiva dos criterios de execución técnica da obra" e se lle teña en conta o total dos puntos obtidos no citado apartado B.1*».

Á vista do anterior escrito a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, solicitar ao servizo xestor a corrección do informe de valoración do sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" de data 19 de outubro de 2018 tendo en conta que o PCAP limita a memoria constructiva a 10MB e a plataforma de licitación electrónica só permite subir arquivos de ata 8MB, así como a resposta a cuestións formuladas nun procedemento similar (expediente 76-441) a través da resolución do concelleiro delegado de Contratación de data 27 de setembro de 2018 que se transcribe a continuación:

«Para o suposto que o arquivo MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA" sexa superior aos 8 MB poderán presentarse en dous arquivos separados sempre que asuma dos dous arquivos cumpra os seguintes requisitos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 13:07	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84F-51525A-BH44AD-6ZTCHA-S4TB2R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- "Un máximo de 50 follas por unha cara (teranse en conta todas as follas que a compoñan, incluíndo índices, carátulas, gráficos, e demais follas incorporadas) e o tamaño dos dous arquivos sumados non debe superar os 10 MB de tamaño.
- A denominación dos arquivos nestes caso deberá estar conformada coa seguinte nomenclatura: "nome abreviado da empresa licitadora (máximo de 10 caracteres)"; sobre B; apartado correspondente a Memoria Construtiva (MC) parte1 ou parte 2 segundo corresponda"».

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Entrégase informe corrixido do informe valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 24 de outubro de 2018, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa de Contratación. Acto seguido publícase no perfil de contratante, con carácter previo á apertura económica.

A continuación, pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución prezo contrato	Melloras				
			Mantem. integral ramplas móbiles (nº cuatrim.)	Mantem. integral zonas verdes (nº trim.)	Mantem. integral paneis fotovolta. (nº trim.)	Mantem. integral fonte ornam. (nº trim.)	Mantem. integral elementos tecnolóx. (nº trim.)
1	PUENTES Y CALZADAS INFRAESTRUCTURAS, S.L.	4.545.943,55	3	4	4	4	4
2	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	4.681.000,00	3	4	4	4	4
3	ACCIONA CONSTRUCCION, S.A.	4.273.852,18	3	4	4	4	4
4	VIAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	4.618.978,06	3	4	4	4	4
5	EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A.	4.802.179,03	3	4	4	4	4
6	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	4.455.497,38	3	4	4	4	4
7	UTE XAC-RAMIREZ	4.401.003,82	3	4	4	4	4
8	UTE ORECO - FERROVIAL AGROMAN	4.047.055,16	3	4	4	4	4



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 13:07	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84F-51525A-BH44AD-6ZTCHA-S4TB2R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



	Licitador	Redución	Melloras				
			3	4	4	4	4
9	UTE PRACE COPASA	4.330.940,67	3	4	4	4	4
10	UTE DRAGADOS-PETROLAM	3.991.004,63	3	4	4	4	4
11	UTE CIVIS-INDEPO-AVAN	4.011.764,10	3	4	4	4	4

Asisten á apertura D. Pedro Garralón Comesaña, con DNI 36.108.478-L, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA; D. Antonio Orza Ocampo, con DNI 77,.406.907-Q, en representación de DRAGADOS, S.A.; D. Felipe Comesaña Hernández, con DNI 16.001.542-R, en representación de CIVIS GLOBAL; D. Carlos García Anllo, con DNI 44.446.663-Z, en representación de EXTRACO CONSTRUCCIONS E PROXECTOS, S.A. ; D. José Luis Bocita Liñares, con DNI 76.339.839-X, en representación de ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.; e D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	S.A., DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	1.391.000€

Asisten á apertura D. Pedro Garralón Comesaña, con DNI 36.108.478-L, en representación de S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA e D. Manuel Alonso Vasconcelos, con DNI 36.162.266-X, en representación da Federación Galega da Construción.

Tendo en conta o previsto na cláusula 16.5 do PCAP ("[As fórmulas] tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula") e no punto 7B do Anexo I -FEC-, a Mesa acorda, por unanimidade, outorgar a S.A., DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA 100 puntos (coeficiente de ponderación 65) pola súa proposición avaliable mediante fórmula. Esta puntuación, sumada aos 77,10 puntos (puntuación ponderada 26,99) pola proposición avaliable mediante xuízo de valor, fai un total de 91,99 puntos.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 13:07	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84F-51525A-BH44AD-6ZTCHA-S4TB2R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego o 19 de outubro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*". Presente na sesión o responsable do contrato, entrega un informe corrixido de data 25 de outubro de 2018.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe de Desenvolvemento local e Emprego o 25 de outubro de 2018 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	91,99 puntos

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, S.A., DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 13:07	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84F-51525A-BH44AD-6ZTCHA-S4TB2R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Servizo de
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO
DE VIGO**



1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación por procedemento aberto simplificado do subministro de na súa modalidade de arrendamento sen opción a compra de equipos e materiais auxiliares de obra para o taller de vías e obras (81.514-250)

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data do 11 de outubro se notificou o acordo de clasificación e se requiriu documentación a BAYGAR, S.L., que foi presnetada o 19 de outubro, dentro do prazo concedido.

Tras a súa cualificación pola Mesa de Contratación, esta acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días ao licitador para que emende a documentación presentada mediante a presentación do orixinal do aval constituído. A constitución do aval non poderá ser posterior ao 23 de outubro de 2018 (fin do prazo outorgado para a presentación da documentación esixida polo artigo 159.4 da LCSP).

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612) (recurso de alzada interposto por PEREZ GROBA CARAMUXO, S.L. contra o acordo de non admisión no procedemento)

A Mesa toma coñecemento do citado recurso.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 13:07	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA84F-51525A-BH44AD-6ZTCHA-S4TB2R-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		